

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA
TRINTA DE MARZO DE DOUS MIL DOCE: - - - - -**

=====

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Salvador Durán Bermúdez
D^a M^a Isabel González Domínguez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a María Deza Martínez
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro
D. Francisco Villaverde Otero
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José Buezas Méndez
D^a Vanesa Rodríguez Maneiro
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as trece horas do día trinta de marzo de dous mil doce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan para celebrar a sesión extraordinaria e urxente da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA. O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, solicitou explicacións sobre a urxencia da sesión.

A **Sra. Presidenta** sinalou que o concello tivo que remitir a relación de facturas pendentes de pagamento antes do 15 de marzo ao Ministerio de Economía, posteriormente deuse conta ao pleno dela na sesión celebrada o día 26 de marzo e, ao remate desta, explicóuselle aos voceiros dos grupos políticos que dado que o plan de axuste tiña como data límite de aprobación o 31 de marzo e tamén debía aprobarse a liquidación do presuposto do ano 2011, facíase practicamente imposible poder ter a documentación a tempo para que non foran urxentes a celebración deste pleno e da comisión informativa na que se tratou este asunto.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a ratificación da urxencia desta sesión, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en contra: **0.**

Votos pola Abstención: **8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, acordou ratificar a urxencia desta sesión.-----

2.- DACIÓN CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2011. Polo Sr. **Secretario** dáse conta da resolución da Alcaldía de 29 de marzo de 2012, pola que se aprobou a liquidación do Presuposto de 2011 e que a continuación se transcribe:

“”””En virtude das miñas competencias como Alcalde Presidente descritas no artigo 191, paragrafo 3º do R.D.L 2/2.004 de 5 de Marzo e visto o informe da Intervención Xeral de data 29 de marzo de 2.012, RESOLVO:

REFERENCIAS BÁSICAS DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DE 2.011 EN CONSOLIDACIÓN (extraídas do informe da Intervención Xeral):

RESULTADOS EN CONSOLIDACIÓN 2011

V.2.A.-RESULTADO PRESUPUESTARIO 2011

	Ingresos	Gastos	Desviacións +	Desviacións -	Obrigas Remanentes	RESULTADOS
Entidade Local	17.257.025,53	19.323.509,08		1.406.931,04		-659.552,51
OO.AA. Terra	4.495.452,95	4.749.020,74			256.113,70	2.545,91
OO.AA. Xerencia	641.009,41	825.040,31				-184.030,90
Nauta						
INSULA						
Eliminacións	3.807.147,36	3.807.147,36				
CONSOLIDADO	18.586.340,53	21.090.422,77		1.406.931,04		-841.037,50

V.2.B.-REMANENTE DE TESORERÍA CONSOLIDADO 2011

REMANENTE DE TESOURERIA CONSOLIDADO 2011	E. Local		Sumas E.L.	O.A. Terra	Sumas Terra	Xerencia	Sumas Xerencia	Eliminacións	CONSOLIDADO	Suma Consolidado
1. DEREITOS PENDENTES DE COBRO (A + B + C + D)		1	10.668.666,39		2.338.752,09		1.643.979,78	3.379.965,98		11.271.432,28
A) ORZAMENTO CORRENTE (430 + 433 + 437)	3.358.711,91			2.214.229,60		476.943,90			6.049.885,41	
B) ORZAMENTOS PECHADOS (431 + 434 + 439)	7.171.338,37			106.641,44		1.167.035,88			8.445.015,69	
C) NON ORZAMENTARIOS (449+565+470+440)	232.233,30			17.881,05		0,00			250.114,35	
D) PARTIDAS PENDENTES DE INGRESO (554)	-93.617,19			0,00		0,00			-93.617,19	
2. Provisións para insolvencias (490 EHA)		2	7.190.912,82		0,00		8.381,35			7.199.294,17
3. OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		3	13.679.313,70		2.427.638,73		1.868.493,50	3.379.958,98		14.595.479,95
A) ORZAMENTO CORRENTE (400)	7.384.381,24			1.895.743,91		152.243,19			9.432.368,34	
B) ORZAMENTO PECHADOS (401)	3.017.808,84			465.354,12		579.403,69			4.062.566,95	
C) Partidas pendentes Aplicación (555)	0,00			-3.566,00		0,00			-3.566,00	
d) Provisións para anticipos de caixa fixa (558)	0,00			0,00		0,00			0,00	
D) NON ORZAMENTARIAS (410 + 419 + 47 + 522 + 56)	3.277.123,62			70.106,40		1.136.846,62			4.484.076,64	
	13.679.313,70			2.427.638,73		1.868.493,50				
4. FONDOS LIQUIDOS DE TESOURERIA (57)		4	2.823.142,30		27.225,17		49.202,37			2.899.569,84
REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1 - 3 + 4)			-187.505,01		-61.661,47		-175.311,35			-424.477,83
REMANENTE AFECTO A GASTOS XERAIS			-7.378.417,83		-90.651,49		-197.937,55			-7.667.006,87
REMANENTE AFECTO GASTOS FINANCI. AFECTADO			0,00		28.990,02		14.244,85			43.234,87

LEMBRASE QUE POLO PRINCIPIO DE PRUDENCIA SE DOTARON AS PROVISIÓNS PARA INSOLVENCIAS EN TERMOS MAXIMALISTAS, POR CONSIDERACIÓN DO 100% DOS ANOS 2.002 A 2.009 E O 50% DO ANO 2.010 E 2.011.

V.2.C.-OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARÍA. Principio de caixa todo o capítulo III. Exercicio 2011

1. Dereitos recoñecidos (D 430 - H 433)		18.586.340,53	
2. Obrigas recoñecidas netas (H 400)		19.466.584,59	
3. DIFERENZAS (1 - 2)			-880.244,06
AXUSTES:			
I.Dereitos recoñecidos netos (I, II e III)	-		13.064.771,41
II. Ingresos líquidos capítulos I, II e III corrente	+		11.052.306,98
III. Ingresos líquidos capítulos I, II e III pechados	+		2.358.277,47
IV. Intereses de préstamos	+		304.330,61
V. Desviacións positivas cap. IV, VI e VII (Ex. Corrente)	-		
VI. Desviacións negativas cap. IV, VI e VII (Ex. Corrente)	+		
VII. Transferencias a INSULA (excepto cap. I a VII)	+		
VIII. Obrigas de remanente tesourería gastos xerais	+		
IX. Desviacións de financiamento negativas (inc. Remanentes)	+		
X. Dereitos recoñecidos netos participación tributos estado	-		2.597.271,04
XI. Ingreso efectivo participación tributos estado no exercicio (CTE+PECH)	+		2.597.271,04
XII. Dereitos recoñecidos netos fondo cooperación local	-		690.065,31
XIII. Ingreso efectivo fondo cooperación local no exercicio (CTE+PECH)	+		630.968,09
XIV. Gastos extraxudiciais no exercicio de anos anteriores	+		1.854.268,26
XV. Gastos extraxudiciais recoñecidos no exercicio seguinte	-		1.035.510,04

4. AVALIACIÓN (3 - 4 + 5 + 6 + 7)			225.229,98
Porcentaxe	%	NON PROCEDE	
Axustes en dereitos (II+III+IV+VI+VII+VIII+XI+XIII-I-V-X-XII)		591.046,43	
Axustes en obrigas (XV-IX-XIV)		-818.758,22	
Dereitos con axustes		19.177.386,96	
Obrigas con axustes		18.647.826,37	

DESPOIS DE ONCORRER EN DÉFICIT NOS EXERCICIOS DE 2.009 E 2.010, RETRONASE NESTE EXERCICIO DE 2.011 A SITUACIÓN DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA.

NON OBSTANTE É PRECISO CONTINUAR CON PLAN ECONÓMICO FINANCIERO EN VIGOR, AXUSTADO E CONSOLIDADO E READAPTADO AO PLAN DE AXUSTE

V.2.D.-AFORRO BRUTO E NETO. CAPACIDADE DE ENDEBEDAMENTO 2011

AFORRO NETO CONSOLIDADO 2011

DETERMINACION DO AFORRO NETO CONSOLIDADO (ENTIDADE LOCAL + O.A.TERRA + XERENCIA)						
Capitulo	Dereitos recoñecidos líquidos entidade local	Dereitos recoñecidos líquidos terra Sanxenxo	Dereitos recoñecidos líquidos xerencia urbanismo	Eliminacións		Total
1	6.332.760,65	0,00	0,00			6.332.760,65
2	519.037,40	0,00	0,00			519.037,40
3	5.309.987,34	703.269,27	199.716,75			6.212.973,36
4	4.535.689,28	3.792.161,77	441.174,26	3.807.147,36		4.961.877,95
5	57.632,27	21,91	118,40			57.772,58
	16.755.106,94	4.495.452,95	641.009,41	3.807.147,36		18.084.421,94

Computación endebedamento competencial máximo: 75 % s/	13.563.316,46
Corto prazo (15%)	2.712.663,29
Corto prazo (30%)	5.425.326,58
AFORRO BRUTO (DEREITOS - OBRIGAS): 18.084.421,94 - 17.388.519,75	695.902,19
Xuros débeda a longo prazo (273.600,24)	
Xuros débeda a corto prazo (125.663,30)	
Xuros totais	399.263,54
Amortizacións actuais (1.016.681,97)	1.016.691,97
Amortizacións en carencia	
AFORRO NETO	-720.043,32

RESOLVO: Darlle aprobación á liquidación de cada un dos presupostos separados que integran o xeral da anualidade de 2.011.

1. Dar aprobación a liquidación consolidada de 2.011.
2. De acordo ó disposto no artigo 193, parágrafo 4º do artigo 4 do RDL 2/2.004 darase conta ó Pleno na próxima sesión que celebre
3. De acordo ó disposto no artigo 193, parágrafo 5 remitirase copia da liquidación á administración do Estado e da Comunidade Autónoma no menor prazo posible.
4. Eleva-lo informe sobre consolidación presupostaría ao Pleno da Corporación e aos organismos pertinentes. """"""

A **Sra. Alcaldesa** explicou que a liquidación quedou rematada estes días e aprovéitase esta sesión para dar conta da mesma a Corporación.

A corporación deuse por enterada.-----

3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA AO PLAN DE AXUSTE AO QUE SE REFIRE O ARTIGO 7 DO RDL 4/2012, DO 24 DE FEBREIRO. O Sr. Secretario fixo constar que dado que a proposición non se levou a comisión informativa antes da convocatoria desta sesión, procedía a ratificación da súa inclusión na orde do día.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a ratificación da inclusión deste punto na orde do día desta sesión, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: **9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en contra: **0.**

Votos pola Abstención: **8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, acordou ratificar a inclusión deste punto na orde do día desta sesión.**

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular,** dixo que era de obrigado cumprimento a aprobación do plan de axuste antes do 31 de marzo, que este afectaba a unhas débedas recoñecidas de 4,5 millóns de euros, que podían chegar a mais de 6 millóns de euros, sendo necesario para financiar o préstamo que se formalice para pagalas. O plan será a dez anos vista e terá que ser equilibrado e conforme a un modelo do propio Ministerio de Economía. En canto ao incremento dos ingresos previstos no plan, fixo referencia ao aumento do IBI como consecuencia da medida adoptada recentemente polo goberno central e que aportará a este concello un millón e medio de euros neste exercizo e no próximo. En relación a este mesmo imposto preténdese a

aprobación dunha nova ponencia de valores adaptada ao PXOM vixente. Tamén se prevé o aboamento directo do IBI de Nauta ao concello e a xestión da recadación das taxas de recollida de residuos pola empresa concesionaria deste servizo a partir do ano 2013, co conseguinte aforro, por último, no referente aos ingresos, procederase a un incremento de taxas. No que respecta aos gastos, amortízanse todas as prazas nas que se produzan xubilacións ata o ano 2015 e suprimense os postos de traballo no servizo de urbanismo correspondentes aos despidos que se produciron e, tamén, un posto no servizo de xuventude e outro de persoal de confianza, ademais de realizar axustes nos gastos de Protección Civil. En contratos externos suprimiránse os contratos de defensa xurídica e reclamacións patrimoniais e procederáse á renegociación dalgúns contratos externos. Finalmente manifestou que se ían eliminar as subvencións aos grupos políticos municipais.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, manifestou que o Estado impón este mecanismo para que os concellos poidan facer fronte as débedas pendentes, que no caso de Sanxenxo son froito da mala xestión destes últimos anos, lembrando que no seu día se aprobaron orzamentos multimillonarios e agora hai que apretar de todos os lados para facer fronte as débedas, parecéndolle antidemocrático e inxusto que se rebaixen as subvencións aos grupos políticos, pero non os soldos dos membros do grupo de goberno.

A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, logo de expresar o seu rexeitamento por unhas palabras ditas polo Ministro de Xustiza, acerca das mulleres e ante a chamada á orde da **Sra. Presidenta** para que se centrara no punto concreto da orde do día, empezou a súa intervención indicando que o Partido Popular gobernou este concello dende o ano 1999, sendo culpables de dilapidar os recursos municipais en actuacións como a compra de Punta Vicaño por 8 millóns de euros, deixando hipotecado o concello, como mínimo, ata o ano 2022, non obstante, seguen mantendo os soldos do goberno municipal, non xustificables nestes tempos, cando se vai condicionar por un longo período de tempo a vida dos veciños.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sinalou que se estaba ante unha decisión unilateral do goberno do Estado, que non solventará o verdadeiro problema de fondo, que é o da financiación dos concellos. Así mesmo entende que se trata dunha operación ventaxosa para os bancos e que o que se debería ter feito era unha transferencia directa do Estado aos concellos. Engadiu que non todos os concellos se sumaron ao plan, tan só os que se xestionaron tan mal como o de Sanxenxo, cunhas débedas superiores aos 7 millóns de euros, precisando que co plan non se cubre toda a débeda, só a existente cos provedores.

O Sr. Guisasola Padín, recordou que estabamos en época de crise como herdanza dun goberno socialista que, co apoio do BNG aos orzamentos, desmantelou o Estado. Precisou que en Sanxenxo, durante estes anos de crise, seguíronse mantendo os servizos e que a débeda aos pequenos provedores alcanza 1.800.000 euros, estando ao día nos pagamentos de nóminas, á Seguridade Social e aos bancos, non como noutros moitos concellos.

O Sr. Gonzalo Pita, aludiu a que non debía desviarse o tema coa referencia á actuación do goberno central, por canto o que interesa é a xestión do concello, poñendo de relevo a perda en millóns de euros que supuxo para esta institución a non aplicación dunha nova

ponencia de valores e engadiu que este plan de axuste era o froito da mala xestión municipal dos últimos catro ou cinco anos.

A **Sra. Aguín Pombo** sinalou que non foi o goberno estatal anterior o que xestionou este concello, sendo o único erro daquel non ter picado antes a burbulla inmobiliaria. Aludiu a que a débeda era de mais de 7,5 millóns de euros, cun horizonte, como mínimo, ata o ano 2022, co que os investimentos, na práctica, van ser cero e os veciños de Sanxenxo, como consecuencia da nova ponencia de valores, pagarán mais polo IBI e serán mais pobres. Destacou que se coarta a liberdade de actuación dos grupos políticos coa diminución das subvencións e non se aclara onde se reduce o persoal eventual. Tamén resaltou a deixadez total durante todos estes anos para que agora sexa unha novidade o establecemento dunha central de compras e sorprendeuse de que se volva a poñer como obxectivo que o concello alcance os 20.000 habitantes, o que parece moi difícil vista a evolución nestes últimos anos. Finalmente dixo que os veciños van pagar máis e vanse deteriorar os servizos e apostou porque o concello non só recade a taxa de lixo, senón todos os tributos que leva o ORAL, co que se produciría un importante aforro.

O **Sr. Otero Domínguez**, en primeiro lugar, aclarou que o BNG, nos anos 2010 e 2011, non votou a favor dos orzamentos do Estado e a continuación, referíndose ao IBI, indicou que na actualidade hai vivendas de luxo que non están a pagar, a pesar de estar habitadas, por non ter licenza de primeira ocupación, á parte da problemática que pode xurdir pola próxima revisión do PXOM para adaptarse ao POL, o que pode atrasar mais a entrada en vigor da ponencia de valores. En canto ao IBI de Nauta, o ingreso no concello irá en detrimento das contas da empresa, co que será o comido polo servido. O interviniente preguntouse cantas empresas pagan o IAE neste concello, na idea de que son moi poucas, considerando tamén o obxectivo dos 20.000 habitantes para Sanxenxo moi difícil e ao que xa se aspirou nos anos 2002 e 2003 sen éxito. En canto ás reducións de persoal sen mingua do servizo, eso quere dicir que ata agora había mais do necesario, o que tampouco lle estraña xa que este concello parecía unha oficina de emprego, cuns métodos de acceso, ás veces, peculiares. Tamén destacou que agora dende o goberno municipal dígase que os servizos serán para quen os pague, notándose xa un detrimento na súa prestación, como o da limpeza nos colexios, o que tampouco parece sorprendente dado que á empresa concesionaria se lle deben 700.000 euros. Finalmente manifestou que con este plan non se van cambiar as formas de actuar, que son derivadas dunha actitude permanente, co que estas medidas non parecen cribles e, polo tanto, non van obter o seu apoio.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que neste debate non se falou do plan de axuste e considerou moi importante a política a nivel nacional pola repercusión que ten nos concellos. O interviniente explicou que o plan é para facer fronte a un crédito que se pedirá para pagar aos provedores do concello, algo co que está totalmente de acordo, criticando, en cambio, que a estas alturas non se saiba cal é o interese que se vai pagar. A continuación cuantificou en case sete millóns de euros o derrubamento dos ingresos municipais dende o ano do comezo da crise ata o de agora, o que case coincide coa débeda que se citou nesta sesión. Precisou que VIPS, e tamén o propio BNG, propuxeron no seu día a renovación da ponencia de valores que agora se pretende levar a cabo e que é de xustiza. Por último o concelleiro en uso da palabra indicou que as expectativas que tiña cando entrou no goberno municipal se están a cumprir razoablemente, engadindo que ía apoiar o plan de axuste que permitirá o pagamento aos

provedores, independentemente de quen é o culpable da débeda, tema que non é obxecto deste debate.

O **Sr. Guisasola Padín** considerou o anterior goberno estatal culpable desta crise que repercutiu no Concello de Sanxenxo, aclarou que estas medidas eran de obrigado cumprimento e que, no caso deste concello, se refire, na práctica, á débeda do ano 2011, porque a anterior se pagou debidamente. Tamén aludiu a que non era certo que non fose a haber investimentos e, con respecto á supresión das subvencións aos grupos políticos municipais, consideráboo axeitado, recordando que o Grupo Popular xa renunciou a estas axudas había tres anos. Entendeu como acertada a aspiración de chegar aos 20.000 habitantes nun prazo medio, parecéndolle que a algúns non lles interesa este obxectivo. Tamén incidiu en que coa nova ponencia de valores pasará gran parte do terreo a tributar como urbano. Finalmente destacou que nestes últimos anos o concello puxo a disposición dos veciños moitos servizos gratis ou a baixo custo, o que ao día de hoxe non se pode manter, posto que os servizos non obrigatorios non poden ser deficitarios.

A **Sra. Alcaldesa** dixo que Sanxenxo tivo sorte por estar gobernado dende o ano 1999 polo PP, xa que no ano 2003 se aprobou o PXOM, que trouxo unha gran riqueza para este concello e tamén algúns problemas. Dende o ano 2007 o goberno municipal viu o comezo da crise e empezou a tomar medidas que permitirán que cando remita este concello será dos primeiros nos que se note a melloría. Recordou que cun presuposto, que é o 25% do ano 2007, mantivéronse os servizos e se mellorou nos últimos anos o resultado da liquidación, ata chegar a este cun déficit cero. Precisou que había que ir a un plan de axuste porque non existía un equilibrio ao cen por cen e que había concellos que non tiñan débedas porque tampouco ofrecían servizos. Tamén sinalou que a oposición dóelle a supresión da aportación municipal aos partidos, o que a interviniente considera lóxico, xa que, si se fai así coas asociacións, tamén se ten que facer cos partidos políticos. Por último indicou que estaban moi orgullosos dos servizos que se prestan neste concello e que o plan de axuste ten como obxectivo adaptarse á realidade.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta someteu a proposición a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular, Sres. Gonzalo Pita e Villaverde Otero do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 6 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Sra. Barbeito Barreiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal)

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

1 °) **Aprobar o plan de axuste** a que se refire o art. 7 do RDL 4/2012, que se adxunta a esta proposición e que comprende un total de 71 páxinas debidamente seladas e asinadas pola **Alcaldía**, así como un anexo nº 3, cos datos da liquidación e un anexo final, co nº 4, de aclaracións finais ao plan definitivo.

2º) **Remitir o devandito plan de axuste ao Ministerio de Economía e Facenda** polos medios sinalados no artigo 7.4 do real decreto 4/2012 e dentro do prazo establecido na mesma disposición.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a **Presidencia** dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas e vinte minutos, de todo o que eu, como **Secretario, dou fe:**